


## SAÚDA DO PRESIDENTE DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS



### RÍAS BAIXAS-ALBARIÑO, O NOME PROPIO DUN VIÑO ATLÁNTICO, XENUÍNO E ORIXINAL

Un ano máis agradezo á comisión organizadora da XXX edición da Festa de Exaltación do Viño do Ulla a súa invitación para dirixirme a un sector tan dinámico como o do Ulla. Dende aquí quero animar a todos a participar o vindeiro once de abril na exaltación popular das calidades do viño de Rías Baixas elaborado na subzona do Ulla, un festexo con tradición e soleira que medra cada ano non só entre os veciños da zona, senón que cada vez son máis os visitantes da comarca que participan nesta celebración.

A subzona da Ribeira do Ulla está formada polos lugares dos concellos de Vedra, Teo, Boqueixón, Touro e Padrón, na provincia da Coruña, e da Estrada, Vila de Cruces e Silleda na provincia de Pontevedra. A súa evolución nos últimos anos foi moi importante, tanto en número de viticultores e adegas coma en número de quilos de uva recollidos, 556.434 este ano. Por iso dende aquí quero felicitar aos viticultores e adegueiros da Ribeira do Ulla. Eles, co seu traballo, aportan o seu grao de area para que estes viños continúen a marcar tendencia nos diferentes mercados nos que non paran de gañar seguidores, gracias a calidade e a orixinalidade dun produto xenuíno que, ano tras ano, amosa a súa mellora de cara aos consumidores.

Ter un produto de calidade, como o Rías Baixas Albariño, é un punto ao noso favor á hora de achegarnos cara ao éxito. Pero neste achegamento toda axuda é boa. Aquí entra o traballo do viticultor, que agarima e coida con esmero a viña; da adega, que, colleita tras colleita, esfórzase por obter o mellor viño para os seus consumidores e traballa por servirles o produto a todos e cada un dos mercados.

Finalmente está o traballo do Consello Regulador, coa organización de diferentes eventos polo estado español presentando os Rías Baixas. Ademais, non podemos esquecer o esforzo que se está a facer para que os nosos viños cheguen aos mercados internacionais a través da participación en feiras tan tradicionais e representativas como a London Wine ou Prowein, en Alemaña, como naquelas incipientes, como é o caso do mercado asiático. *Ben sabemos* que o mellor antídoto fronte á crise é ter un produto de calidade, xenuíno e orixinal. Pero temos que seguir esforzándonos en dalo a coñecer ao consumidor e traballar fomentando a súa imaxe de marca. E todo isto resúmese en tres verbas: Rías Baixas Albariño.